



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL
bng@depourense.es
CIF: G-32014003

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da actual lexislación en materia de réxime local, diríxese a vostede para lle

EXPÓR

En data 12 de novembro de 2012 polo Presidente da Deputación asinouse o contrato do servizo de actualización, conservación e mantemento da información catastral urbana coa entidade adxudicataria Servicat de Ourense S.L. Laboral, con un prazo de execución de 2 anos, o cal foi prorrogado mediante Decreto de data 23 de outubro de 2014 ata o día 12 de novembro de 2015.

No Anexo I do contrato, relativo ao ámbito territorial da prestación, figuran, entre outros, os concellos de Boborás e Xunqueira de Ambía.


No referido Anexo faise constar expresamente que ditos concellos teñen que ter delegado na Deputación de Ourense a xestión tributaria do imposto de bens inmobeis e igualmente ter autorizado expresamente a ésta detraer do produto da recadación que lles corresponde pola xestión delegada, as cantidades necesarias para sufragar os gasto que comporte o desenvolvemento deste contrato no seu territorio.

En base a o exposto solicito se me faga entrega de copia da seguinte documentación:

- Acordos plenarios dos Concellos de Boborás e Xunqueira de Ambía polos que se delega na Deputación de Ourense a xestión tributaria do imposto de bens inmobeis e o documentos de aceptación da delegación polo órgano competente desa Diputación.
- Autorización expresa por parte dos Concellos de Boborás e Xunqueira de Ambía para detraer do produto da recadación que lles corresponde pola xestión delegada as cantidades necesarias para sufragar os gasto que comporte o desenvolvemento contrato sinalado neste escrito no seu territorio.
- Facturas ou documentación acreditativa das cantidades efectivamente retidas pola Deputación de Ourense aos Concellos de Boborás e Xunqueira de Ambía en virtude do contrato.

- Listado das referencias catastrais de bens inmobeis dos concellos de Boborás e Xunqueira de Ambía que foron obxecto de traballos catastrais en virtude deste contrato.

Ourense, 8 de febreiro de 2018



Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE